

# **CPR PLURILINGÜE**

## **LICEO LA PAZ**

PROGRAMACIÓN XERAL



**LICEO LA PAZ**

|                                                                       |     |
|-----------------------------------------------------------------------|-----|
| <b>INTRODUCCIÓN</b>                                                   | 3   |
| <b>METODOLOXÍA</b>                                                    | 3   |
| <b>OBXECTIVOS</b>                                                     | 5   |
| OBXECTIVOS FUNDAMENTAIS                                               | 5   |
| OBXECTIVOS EDUCATIVOS                                                 | 6   |
| <b>PLAN ANUAL</b>                                                     | 6   |
| Metodoloxía                                                           | 7   |
| Normalización lingüística e Bilingüismo                               | 7   |
| Disciplina                                                            | 8   |
| Atención á diversidade                                                | 8   |
| <b>HORARIO XERAL DO CENTRO</b>                                        | 9   |
| <b>ESTRUTURAS ORGANIZATIVAS</b>                                       | 11  |
| ORGANIZACIÓN ACADÉMICA                                                | 15  |
| MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR                                           | 17  |
| ÓRGANOS DE GOBERNO                                                    | 21  |
| ORGANIGRAMA DO CENTRO                                                 | 21  |
| FUNCIONAMENTO DOS DIVERSOS ÓRGANOS DO CENTRO                          | 23  |
| ORGANIZACIÓN DE SERVIZOS                                              | 26  |
| FORMACIÓN DO PROFESORADO                                              | 28  |
| <b>PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</b> | 29  |
| <b>ACTIVIDADES PARA POTENCIAR O USO DA LINGUA GALEGA</b>              | 50  |
| <b>PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN</b>                      | 57  |
| <b>PROXECTO LINGÜÍSTICO</b>                                           | 122 |
| <b>PLAN DE ACOLLIDA</b>                                               | 146 |

## INTRODUCCIÓN

A Programación xeral anual do Centro é un instrumento que concreta o P.E.C., establece prioridades e encargase de garantir o desenvolvemento da acción educativa, así como o correcto exercicio das competencias dos distintos órganos de goberno e a participación educativa.

Este proxecto recolle e unifica todo o Plan Educativo de Centro. Intentamos introducir nel todos os niveis educativos, globalizando os documentos que o compoñen nos diferentes niveis coas súas características e circunstancias especiais.

Antes de desenvolver programación xeral poñemos a modo de recordatorio a nosa liña metodolóxica así coma os obxectivos a acadar.

## METODOLOXÍA

### a) Xustificación:

Ser competente non é só ser hábil na execución de tarefas e actividades concretas, escolares ou non, tal como foron ensinadas, senón máis alá diso, ser capaz de afrontar, a partir das habilidades adquiridas, novas tarefas ou retos que supoñan ir máis alá do aprendido para transferilo a novas situacións e contextos.

Demostrar competencia nun determinado ámbito leva consigo resolver problemas de certa complexidade encadeando unha serie de estratexias de xeito coordinado.

Ser competente lendo, falando e escribindo debería significar que esa persoa pode resolver problemas complexos a través desas condutas, non só da súa vida cotiá, tamén fronte a novos desafíos.

Un dos aspectos máis novidosos da LOE foi a introdución dun novo concepto que aparece no artigo 6-1 ao definir currículo como: "para os efectos do disposto nesta lei enténdese por currículo o conxunto de obxectivos, competencias básicas, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas reguladas nesta Lei".

Así mesmo, o artigo 20-2 da LOE sinala que "o alumnado pode acceder ao ciclo educativo ou etapa seguinte sempre que se considere que alcanzou as competencias básicas correspondentes e o axeitado grao de madurez".

Por outra parte, o anexo I do Decreto 133/2007, polo que se regulan as ensinanzas da ESO na CC.AA. de Galicia, define competencia básica como a capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversos, os coñecementos, as habilidades e as actitudes e vai máis alá de saber e de saber facer, incluíndo saber ser ou estar.

A incorporación de competencias básicas ao currículo permite poñer o acento naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles dende unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos. De aí o seu carácter básico. Son aquelas competencias que debe desenvolver o alumno/a ao finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de modo satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

A inclusión das competencias básicas no currículo ten varias finalidades:

- Integrar as diferentes aprendizaxes, tanto os formais, como os informais e non formais.
- Permitirlle ao alumnado utilízalos de modo efectivo cando resulten necesarios en diferentes contextos.
- Orientar o ensino mediante a identificación dos contidos e os criterios de avaliación que teñen carácter imprescindible.

Cada materia do currículo colaborará a adquirir os obxectivos educativos e a adquisición das competencias básicas. Non existindo unha relación unívoca entre o ensino de determinadas materias e o desenvolvemento de certas competencias.

É por iso, que o desenvolvemento de cada materia ha de complementarse con medidas organizativas e funcionais que orienten a consecución das competencias básicas como a organización na aula e no Centro, a participación do alumnado, as normas de réxime interno, a organización da biblioteca escolar, a alfabetización dixital, etc.

No marco da proposta realizada pola Unión Europea, identificáronse oito competencias básicas:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática.
- Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadanía.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

b) Liña metodolóxica:

Para acadar os nosos obxectivos utilizaremos a metodoloxía seguinte:

- A nosa ensinanza vai encamiñada a educar aos nosos alumnos para que adquiran e practiquen as virtudes humanas, e poidan fomentar os valores individuais, sociais e transcendentais derivados diso.
- Levamos unha liña de traballo pedagóxica coordinada desde os primeiros niveis de Educación Infantil ata a finalización dos seus estudos tanto a nivel de ciclos como de materias.
- Pretendemos formar aos nosos alumnos na tolerancia, responsabilidade e educación dentro e fóra do Centro. Baseámonos no diálogo e na experiencia coa intención de conseguir persoas libres e independentes.
- Consideramos importante a orde e a disciplina, o respecto polas normas, que son necesarios para a vida e sen que sexan considerados como unha rutina. Todo elo está referido no noso Regulamento de Réxime Interno.
- Pretendemos unha profunda comunicación entre pais, profesor, alumno e titor, xa que existen moitos factores familiares, persoais, que afectan ao alumno e interfíren no seu proceso educativo, co fin de axudar ao alumno a mellorar os seus resultados.

## **OBXECTIVOS**

### **OBXECTIVOS FUNDAMENTAIS**

- Educar integralmente a todos os nosos/as alumnos/as para que adquiran e practiquen as virtudes humanas e poidan fomentar os valores individuais, sociais e transcendentais derivados diso.
- Consegir a total colaboración entre pais e profesores para un mellor coñecemento do alumno, que facilite o maior desenvolvemento das facultades deste.
- Lograr que os alumnos adquiran e perfeccionen hábitos de estudo, reflexión, orde, limpeza, puntualidade, compañeirismo, autodominio, traballo en equipo, aproveitamento do tempo libre, etc. Para que no transcurso da súa vida consigan os obxectivos propostos, con maior éxito e menor esforzo.
- Fomentar as actividades físico-deportivas, para un desenvolvemento harmónico de tódalas facultades do alumno.
- Consegir que os alumnos perfeccionen, mediante actividades axeitadas, as súas facultades de observación e investigación e adquiran con iso un espírito crítico que os capacite para a busca da verdade.

- Tratar de que o alumno ame, respecte e mellore o medio no que se desenvolve, considerándoo como unha necesidade vital para o desenvolvemento da súa propia identidade.
- Responsabilizar ao alumno dos seus deberes e dereitos en orde a crear e vivir un ambiente de maior liberdade, sinceridade e xustiza, de acordo coa nosa Constitución e os Dereitos Humanos.

## OBXECTIVOS EDUCATIVOS

- Procurar que cada alumno asuma a súa responsabilidade tanto a nivel persoal como en relación á sociedade e ao seu entorno.
- Mellorar a capacidade de comprensión verbal dos alumnos; fomentar a lectura e a expresión escrita.
- Fomentar hábitos de estudo utilizando distintas técnicas de traballo.
- Desenvolver unha acción tutorial e orientadora que teña en conta o tratamento á diversidade e á individualidade.
- Fomentar comportamentos de responsabilidade que contribúan á autonomía persoal e á mellora da autoestima.
- Espertar o interese no alumno polos seus propios obxectivos formativos de acordo coas súas capacidades.
- Mellorar a acción educativa a favor do uso do galego en tódolos ámbitos.
- Desenvolver un PC cunhas pautas de actuación do profesorado para unificar e mellorar os criterios educativos.

## PLAN ANUAL

Unha vez analizado e avaliado o plan anual para o curso anterior, consideramos que os obxectivos específicos que o Centro se propón conseguir no presente curso académico pódense resumir nos seguintes:

1. O dereito ós dereitos humanos, á igualdade de oportunidades e valores democráticos que impliquen por en marcha medidas positivas innovadoras
2. Mellorar a calidade do ensino perante unha maior unificación de criterios entre os profesores, facilitando a comunicación cos alumnos e pais, a través dunha metodoloxía globalizadora.
3. Consegui- r unha mellor convivencia entre os propios alumnos e alumnas baseada no exemplo por parte de todo o persoal do centro. Neste traballo é fundamental a acción dos titores.
4. Promover a defensa e coidado do medio ambiente e da saúde
5. Favorecer experiencias innovadoras co fin de superar deficiencias e desventaxas

6. Aumentar a atención a diversidade con obxecto dunha maior integración dos alumnos e das alumnas con algunha problemática. Nesta tarefa contamos coa axuda do Departamento de Orientación.

Para acadar estes obxectivos temos que tomar medidas nos seguintes puntos:

### Metodoloxía

Seguiremos na mesma liña metodolóxica, pois os resultados foron avaliados polo profesorado como positivos. Aínda así, faremos cada vez máis fincapé nunha metodoloxía “activa” que trate de conseguir que o alumno chegue por si mesmo a alcanzar os obxectivos previstos, sendo capaz de establecer teorías, sacar conclusións... sempre, claro está, dirixido e orientado polo profesor, que procurará en todo momento non ser un mero divulgador de coñecementos.

Liñas básicas do noso esquema educativo:

- O nivel académico é primordial, pero non debe desprazar en ningún momento á formación en valores humanos e educación.
- Os criterios académicos para os diferentes niveis son sinalados polos Departamentos de área, conxunto de profesores da mesma disciplina que, dirixidos por un Coordinador de Departamento, deliberan, analizan e sinalan os niveis máximos e mínimos de cada curso.
- Este labor é levada a cabo por estes grupos en sesións diarias durante a primeira quincena de setembro. Destas reunións saen as programacións das materias para os distintos niveis.
- O seguimento destas programacións, a análise e avaliación das mesmas lévase a cabo polo mesmo Departamento en sesións periódicas que se celebran cada mes e nas cales se recollen as impresións dos diferentes profesores acerca de se cumpriron os obxectivos valorando con estatísticas de aprobados a real efectividade de ditas programacións.
- Os criterios educativos baséanse fundamentalmente en esixir poucas cousas e ter poucas prohibicións, pero que se respecten.
- A este efecto, seguindo o esquema do Ideario do Centro, unha comisión de profesores elixida no Claustro elaborou unhas normas de convivencia que teñen como espírito o respecto de todos a todos na convivencia, e o respecto de tódalas normas previamente aceptadas.
- Os obxectivos que pretendemos con esta programación non poden ter plena efectividade sen a estreita relación e cooperación por parte dos pais e para obter esta; están as reunións con pais e nais e as visitas a titores que, entendendo que son fundamentais, pedimos que sexan o máis asiduas posibles para o cal facilitamos o horario correspondente.

### Normalización lingüística e Bilingüismo

En coordinación co Equipo de Dinamización Lingüística desenvolveremos diversas actividades para potenciar o uso da lingua galega no ámbito escolar.

Ademais das asignaturas que xa se imparten en galego segundo está disposto pola lei. Procuraremos así mesmo que os profesores utilicen dita lingua como vehículo habitual de expresión no

registro coloquial, para que os alumnos vexan como normal a expresión en galego en todos os ámbitos e non o sintan como exclusivo dunha determinada materia ou simplemente como unha asignatura máis do currículo. Como actividades concretas propostas para este curso están as que figuran na programación dada polo Equipo de Dinamización para este curso.

Así mesmo temos os cursos de 1º a 6º de E. Primaria, 1º , 2º,3º e 4º da E.S.O. nos que se está a levar a cabo o proxecto do plurilingüismo e seccións bilingües nas materias de Ciencias Sociais, Ciencias Naturais, Música e Educación Física na Primaria e E. Física , Ciencias Naturais , Música e Tic na Secundaria.

### Disciplina

A pesares de ser un obxectivo reiterado no noso PEC queremos mellorar a disciplina e a convivencia, que figure sempre nos nosos obxectivos mais inmediatos. A disciplina entenderase como o respecto das normas por parte da comunidade educativa, tratando de impoñelas por medio do convencemento e non pola coacción aínda que, si o caso o require, farase uso do regulamento de réxime interior. Para iso temos feito o Plan de convivencia.

Xa temos implantada a aula de convivencia dende o curso 2021-2022.

Temos tamén implantado o RRI aprobado polo consello escolar en xuño de 2014.

### Atención á diversidade

En colaboración directa co Departamento de Orientación e co profesorado de apoio, atenderemos todos os casos de alumnos que presenten algunha dificultade de aprendizaxe e, no seu caso, elaboraremos as correspondentes adaptacións curriculares.

A atención á diversidade levarase a cabo segunda as directivas recollidas no Plan de Atención á Diversidade do Departamento de Orientación.

## **HORARIO XERAL DO CENTRO**

O Colexio Liceo La Paz, desde o punto de vista escolar, abre as súas portas de 7:30 a 22:00 h.

Os horarios lectivos particulares son os seguintes:

-Educación Infantil

| Mañana           | Tarde            |
|------------------|------------------|
| De 09:30 a 12:30 | De 14:30 a 16:30 |

-Educación Primaria:

| Mañana           | Tarde            |
|------------------|------------------|
| De 09:30 a 12:30 | De 14:30 a 16:30 |

-E.S.O.:

| Curso                  | Mañana        |                     |
|------------------------|---------------|---------------------|
| 1º, 2º, 3º y 4º de ESO | 08:15 – 13:45 | Lunes 15:45 – 17:25 |

-Bacharelato:

- Mañá: de 8:15 a 13:45 h martes, xoves e venres e de 8:15 a 14:35h luns e mércores. Con entrada escalonada a partir das 8:05

## **CICLOS FORMATIVOS**

-Ciclos de Grao Medio:

- Auxiliar Enfermería.  
Mañá: de 8:30 a 14:35 h.  
Tardes de 15:30 a 21:50
- Sistemas microinformáticos e redes
  - Mañá: de 8:30 a 14:35 h.

- Emerxencias Sanitarias
  - Tarde de 15:30 a 21:50h
- Guía no medio natural
  - Mañá e tarde de 15:30 a 21:50 h

-Ciclos Formativos Superiores:

- Acondicionamento físico
  - Tarde de 15:30 a 21:50 h
- Administración e Finanzas
  - Tarde de 15:30 a 21:50h.
- Administración de Sistemas Informáticos en rede
  - Mañá de 8:30 a 14:35h
- Animacións 3D, xogos e contornos interactivos
  - Mañá de 8:30 a 14:35h
- Comercio Internacional
  - Tarde de 15:30 a 21:50h.
- Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma
  - Mañá de 8:30 a 14:35h
- Desenvolvemento de Aplicacións Web
  - Mañá de 8:30 a 14:35h
- Enseñanza y Animación Sociodeportiva
  - Mañá de 8:30 a 14:35h
- Educación Infantil
  - Mañá de 8:30 a 14:35h
- Imaxe para o Diagnóstico
  - Tardes de 15:30 a 21:50

Fora do horario lectivo e tendo en conta as instalacións do Centro, ten a disposición da comunidade educativa o Pavillón deportivo, pistas cubertas e piscina de 20:00 a 23:00 os días de diario, e os sábados en horario de mañá.

**Horario de atención ó público por parte do persoal de Administración:**

De luns a xoves: De 9:30 a 13:45 e de 15:00 a 18:00

Venres: De 9:30 a 14:00

**Horario de atención ó público por parte do persoal de Secretaría:**

De luns a xoves: De 9:30 a 13:45 e de 15:00 a 17:00

Venres: De 9:30 a 14:00

**Horario de atención ó público por parte dos cargos directivos:**

Director Técnico:

- De luns a venres de 11:00 a 13:00
- Martes e xoves de 15:00 a 17:00

Xefatura de Estudos:

- De luns e venres de 10:00 a 12:00
- Luns e mércores de 15:00 a 17:00

Secretario:

- Luns a xoves: De 12:30 a 13:30

**HORARIO DE VERÁN**

Educación Infantil e Primaria terán horario de 8,30 a 16,00 horas no campamento de verán (só no mes de xullo xa que no mes de agosto non haberá actividade lectiva).

Educación Secundaria e Bacharelato terán horario de 8,30 a 13,00 horas no curso de verán (só no mes de xullo xa que no mes de agosto non haberá actividade lectiva).

**ESTRUTURAS ORGANIZATIVAS****EDUCACIÓN INFANTIL**

Coordinadora: **Rocío Caridad Villanueva / Sara Calo Mendoza**

**4º EI**

|      |                            |                                       |
|------|----------------------------|---------------------------------------|
| 4º A | Parada González, Ana Belén | anabelenparadagonzalez@liceolapaz.net |
| 4º B | Calo Mendoza, Sara         | saracalomendoza@liceolapaz.net        |
| 4º C | Piñeiro Paz, Sabela        | sabelapineiopaz@liceolapaz.net        |
| 4º D | Pérez Domínguez, Almudena  | almudenaperezdominguez@liceolapaz.net |
| 4º E | Pérez Barreiro, Miriam     | miriamperezbarreiro@liceolapaz.net    |

**5º EI**

|      |                                        |                                          |
|------|----------------------------------------|------------------------------------------|
| 5° A | Novo Cienfuegos, M <sup>a</sup> Loreto | marialoretonovocienfuegos@liceolapaz.net |
| 5° B | Rivela Castro, Purificación            | purificacionrivelacastro@liceolapaz.net  |
| 5° C | Rilo Fernández, Paula                  | paularilofernandez@liceolapaz.net        |
| 5° D | Caridad Villanueva, Rocio              | rociocaridadvillanueva@liceolapaz.net    |
| 5° E | Penín González, Tania                  | taniapeningonzalez@liceolapaz.net        |

#### 6° EI

|      |                              |                                          |
|------|------------------------------|------------------------------------------|
| 6° A | Muras Romero, Beatriz        | beatrizmurasromero@liceolapaz.net        |
| 6° B | García Rodríguez, María      | mariagarciarodriguez@liceolapaz.net      |
| 6° C | Ponte Rodríguez, Rebeca      | rebecaponterodriguez@liceolapaz.net      |
| 6° D | Rivera Catoira, Purificación | purificacionriveracatoira@liceolapaz.net |
| 6° E | Lucas Martínez, Paloma       | palomalucasmartinez@liceolapaz.net       |

### EDUCACIÓN PRIMARIA

Coordinadora: **María Mendoza Solé**

#### 1°EP

|      |                                       |                                        |
|------|---------------------------------------|----------------------------------------|
| 1° A | Gómez Vázquez, Isabel                 | mariaisabelgomezvazquez@liceolapaz.net |
| 1° B | Esporas Placer, María                 | mariaesporasplacer@liceolapaz.net      |
| 1° C | Juan Otero, Ana                       | anajuanotero@liceolapaz.net            |
| 1° D | <b>Artigas Rivera, Alberto</b>        | albertoartigasrivera@liceolapaz.net    |
| 1° E | Cabrero Canosa, M <sup>a</sup> Nieves | mariacabrerocanosa@liceolapaz.net      |

#### 2°EP

|      |                                         |                                           |
|------|-----------------------------------------|-------------------------------------------|
| 2° A | <b>Conde Puga, Mirtha</b>               | mirthacondepuga@liceolapaz.net            |
| 2° B | Vázquez Seoane, M <sup>a</sup> Mercedes | mariamercedesvazquezseoane@liceolapaz.net |
| 2° C | Díaz do Campo, Fátima                   | fatimadiazdocampo@liceolapaz.net          |
| 2° D | Prieto Castro, Paula María              | paulaprietocastro@liceolapaz.net          |
| 2° E | Fernández Cid, Sara Dolores             | saradoloresfernandezcid@liceolapaz.net    |

#### 3°EP

|      |                                      |                                          |
|------|--------------------------------------|------------------------------------------|
| 3° A | <b>Espasandín Otero, José Manuel</b> | josemanuelespasandinotero@liceolapaz.net |
|------|--------------------------------------|------------------------------------------|

|      |                         |                                                                                              |
|------|-------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|
| 3º B | Graíño Cousillas, Marta | <a href="mailto:martagrainocousillas@liceolapaz.net">martagrainocousillas@liceolapaz.net</a> |
| 3º C | Sousa Rodríguez, Eva    | <a href="mailto:evasousarodriguez@liceolapaz.net">evasousarodriguez@liceolapaz.net</a>       |
| 3º D | Amigo Barbeito, Laura   | <a href="mailto:lauraamigobarbeito@liceolapaz.net">lauraamigobarbeito@liceolapaz.net</a>     |
| 3º E | Otero Roca, María José  | <a href="mailto:mariajoseoteroroca@liceolapaz.net">mariajoseoteroroca@liceolapaz.net</a>     |

#### 4ºEP

|      |                                     |                                                                                                          |
|------|-------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 4º A | <b>Luengo Arochena, Mª Noemí</b>    | <a href="mailto:noemiluengoarochena@liceolapaz.net">noemiluengoarochena@liceolapaz.net</a>               |
| 4º B | Novo Enes, Xana                     | <a href="mailto:xananovoenes@liceolapaz.net">xananovoenes@liceolapaz.net</a>                             |
| 4º C | Carnicero Fernández, Cristina Pilar | <a href="mailto:cristinacarnicerofernandez@liceolapaz.net">cristinacarnicerofernandez@liceolapaz.net</a> |
| 4º D | Lombó Fernández, Gonzalo            | <a href="mailto:gonzalolombofernandez@liceolapaz.net">gonzalolombofernandez@liceolapaz.net</a>           |
| 4º E | Pazo Meijide, Marta                 | <a href="mailto:martapazomeijide@liceolapaz.net">martapazomeijide@liceolapaz.net</a>                     |

#### 5ºEP

|      |                              |                                                                                                              |
|------|------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 5º A | <b>López Casal, Sonia</b>    | <a href="mailto:soniamarialopezcasal@liceolapaz.net">soniamarialopezcasal@liceolapaz.net</a>                 |
| 5º B | Pazos Cerdido, Mª Carmen     | <a href="mailto:carmenpazoscerdido@liceolapaz.net">carmenpazoscerdido@liceolapaz.net</a>                     |
| 5º C | Pérez-Roca Fernández, Carlos | <a href="mailto:carlosjoseperezrocafernandez@liceolapaz.net">carlosjoseperezrocafernandez@liceolapaz.net</a> |
| 5º D | Barreiro Álvarez, Mónica     | <a href="mailto:monicabarreiroalvarez@liceolapaz.net">monicabarreiroalvarez@liceolapaz.net</a>               |
| 5º E | Fernández Martínez, Marta    | <a href="mailto:martafernandezmartinez@liceolapaz.net">martafernandezmartinez@liceolapaz.net</a>             |

#### 6ºEP

|      |                                        |                                                                                                              |
|------|----------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 6º A | <b>Mendoza Solé, María Encarnación</b> | <a href="mailto:mariamendozasole@liceolapaz.net">mariamendozasole@liceolapaz.net</a>                         |
| 6º B | Calvo Fernández, Carlos                | <a href="mailto:carloscalvofernandez@liceolapaz.net">carloscalvofernandez@liceolapaz.net</a>                 |
| 6º C | Bermúdez de Castro Mariño, Susana      | <a href="mailto:susanabermudezdecastromarino@liceolapaz.net">susanabermudezdecastromarino@liceolapaz.net</a> |
| 6º D | Bazarra Ares, Natalia                  | <a href="mailto:nataliabazarraares@liceolapaz.net">nataliabazarraares@liceolapaz.net</a>                     |
| 6º E | Marrero García, Óscar                  | <a href="mailto:oscarmarrerogarcia@liceolapaz.net">oscarmarrerogarcia@liceolapaz.net</a>                     |

### EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA

## 1ºESO

|      |                                                |                                                                         |
|------|------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------|
| 1º A | Casal Costoya, Paula/<br>Folla González, Lucía | paulacasalcostoya@liceolapaz.net /<br>luciafollagonzalez@liceolapaz.net |
| 1º B | Lenza Cortón, Guadalupe                        | guadalupelenzacorton@liceolapaz.net                                     |
| 1º C | Prieto Novoa, Gemma Patricia                   | patriciaprietonovoa@liceolapaz.net                                      |
| 1º D | Miguel Luis, Natalia                           | nataliamiguelluis@liceolapaz.net                                        |

## 2ºESO

|      |                           |                                       |
|------|---------------------------|---------------------------------------|
| 2º A | Rodríguez Couceiro, Alba  | albarodriguezcouceiro@liceolapaz.net  |
| 2º B | Vázquez Blázquez, Belén   | belenvazquezblazquez@liceolapaz.net   |
| 2º C | González Iglesias, Raquel | raquelgonzaleziglesias@liceolapaz.net |
| 2º D | Rodríguez Legaspi, David  | davidrodriguezlegaspi@liceolapaz.net  |

## 3ºESO

|      |                                 |                                            |
|------|---------------------------------|--------------------------------------------|
| 3º A | Domínguez Orihuela, María Pilar | mariapilardominguezorihuela@liceolapaz.net |
| 3º B | De la Casa Vidal, Marina        | marinadelacasavidal@liceolapaz.net         |
| 3º C | López Fernández, Lucía          | lucialopezfernandez@liceolapaz.net         |
| 3º D | Pérez Ferreiro, Luis            | luisperezferreiro@liceolapaz.net           |

#### 4ºESO

|      |                          |                                      |
|------|--------------------------|--------------------------------------|
| 4º A | Fernandez Romeo, Dolores | doloresfernandezromeo@liceolapaz.net |
| 4º B | Gómez Pereira, Susana    | susanagomezpereira@liceolapaz.net    |
| 4º C | Miño Rodríguez, Gema     | gemaminorodriguez@liceolapaz.net     |
| 4º D | Vázquez Ramos, María     | mariavazquezramos@liceolapaz.net     |

#### BACHILLERATO

Coordinadora: **Montes Martínez, Carolina**

#### 1ºBACH.

|      |                           |                                       |
|------|---------------------------|---------------------------------------|
| 1º A | Pailos López, María Elena | elenapailoslopez@liceolapaz.net       |
| 1º B | López Castro, María José  | mariajoselopezcastro@liceolapaz.net   |
| 1º C | Lage Feal, Mónica María   | monicamarialagefeal@liceolapaz.net    |
| 1º D | Fariña Rodríguez, Rosario | rosariofarinarodriguez@liceolapaz.net |

#### 2ºBACH

|      |                                 |                                            |
|------|---------------------------------|--------------------------------------------|
| 2º A | Muiño Adegas, Alejandro.        | alejandromuinoadegas@liceolapaz.net        |
| 2º B | Dablanca Rodríguez, María Jesús | mariajesusdablancaRodriguez@liceolapaz.net |
| 2º C | Álvarez Couceiro, Cristina      | cristinaalvarezcouceiro@liceolapaz.net     |
| 2º D | Montes Martínez, Carolina       | carolinamontesmartinez@liceolapaz.net      |

### ORGANIZACIÓN ACADÉMICA

#### EQUIPO DIRECTIVO

##### DIRECTORES TITULARES E PROPIETARIOS

Carlos Pérez Roca

Antonio Pintor Vidal

##### DIRECTOR TÉCNICO PEDAGÓGICO DE UNIDADES CONCERTADAS

Martín López Álvarez

**XEFATURA DE ESTUDOS**

Javier Fernández Vázquez

**SECRETARIO**

Carlos Pérez-Roca Fernández

**DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

Rosa María Parada López

María Folgueiras Asensio

Marta Méndez Fernández

**COORDINADORES DE DEPARTAMENTO**

| DEPARTAMENTO                                             | COORDINADOR                     |
|----------------------------------------------------------|---------------------------------|
| Departamento STEAM                                       | Gómez Pereira, Susana           |
| Departamento de Lengua                                   | Dablanca Rodríguez, María Jesús |
| Departamento de Ciencias Sociales, Humanidades y Valores | Fariña Rodríguez, Rosario       |
| Departamento de Ed. Física                               | Irago Mosquera, Noa             |

## **MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR**

Presidente: D. Martín López Álvarez

Titularidade: D. Carlos Pérez Roca

Ignacio Gay Irago

D<sup>a</sup> Teresa Fiaño Fraga

Vocais: En representación do profesorado

Javier Fernández Vázquez

D<sup>a</sup> María Luisa Pérez-Roca

D. Ramón Suárez Hernández

D<sup>a</sup>. Rosa María Parada López

En representación dos pais.

D<sup>a</sup> Gema María Brun Pintor

D<sup>a</sup> Rosa María Pérez Gen

D<sup>a</sup> María Salomé Varela Pérez

En representación do alumnado

Mencía Gay Amor

Jorge López Juiz

En representación do persoal non docente

Patricia Bermúdez Parapar

## **ORGANIZACIÓN DE EI, EP, ESO Y BACHILLER**

### **A) VACACIONES:**

Os períodos de vacacións escolares no curso académico 2025/26 serán os seguintes:

- Desde o día 22 de decembro de 2025 ata o día 7 de xaneiro de 2026, ambos inclusive.
- Os días 16, 17 e 18 de febreiro de 2026.
- Desde o día 30 de marzo ata o día 6 de abril de 2026, ambos inclusive

O Día do Ensino, que terá a consideración de día non lectivo, celebrárase o 31 de outubro de 2025.

Días non lectivos fixados polo Centro: 20 de marzo e 4 de maio

Festa alumnos de 2º de Bach.: Por determinar

B) ÚLTIMO DÍA DE CURSO: 19 de xuño para todos os niveis, agás 2º de Bacharelato (en 2º Bachillerato la impartición de clases finalizará de acuerdo con las fechas previstas para la realización de la PAU)

C) AVALIACIÓNS :

|                | 1ª AVALIACIÓN               | 2ª AVALIACIÓN                         | 3ª AVALIACIÓN                  | Observacións                                                                                                              |
|----------------|-----------------------------|---------------------------------------|--------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>ESO</b>     | 20, 21, 24 e 25 de novembro | 5, 6, 9 e 10 de marzo                 | 4, 5, 8 e 9 de xuño            | Desde la finalización de los exámenes de la 3ª evaluación hasta el 19 de junio las clases mantendrán su horario habitual. |
| <b>1º BACH</b> | 20, 21, 24 e 25 de novembro | 26 e 27 de febreiro, 2 e 3 de marzo   | 28 e 29 de maio, 1 e 2 de xuño | <b>CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA</b><br>17,18 E 19 DE XUÑO                                                                  |
| <b>2º BACH</b> | 6, 7, 10 e 11 de novembro   | 29 e 30 de xaneiro, 2 e 3 de febreiro | 29, 30, 5 e 6 de maio          | Pendiente de fechas PAU y juntas de eval. final.                                                                          |

D) EXAMES DE PENDIENTES EN ESO.

- En Calendario de exames

E) EXAMES DE PENDIENTES EN 2º DE BACHARELATO:

- En calendario de exames

### 1. ORGANIZACIÓN DE EXAMES:

Os exames de ESO serán a primeira hora (de 8,30 a 10,10) e despois haberá clase normal.

En Bacharelato seguirase como sempre. Os alumnos de 2º marcharán ao acabar as probas, agás o último día no que terán xa clase ata finalizar a xornada.

### 2. AVALIACIÓN INICIAL EN ESO:

Primeira semana de outubro.

## ORGANIZACIÓN DOS CICLOS

### ➤ TITORES DE CICLOS DE GRAO MEDIO

#### • SANITARIA

- **Coidados Auxiliares de Enfermería:** Orlando Mexigos Naveira e Yaiza Roca
- **Emerxencias sanitarias:** David Vázquez Santamariña
- **Farmacia e Parafarmacia:** María Pilar Carballo González e Alejandra María Fontenla Piñón

#### • INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS

- **Sistemas Microinformáticos e Redes:** Antonio López-Niño Pérez

#### • ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS

- **Guía no Medio Natural e Tempo Libre:** Alfonso Navia, Antón Rey e Noa Irago

➤ **TITORES DE CICLOS DE GRAO SUPERIOR**

- **INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS**

- **Administración de Sistemas Informáticos en rede:** Jose Antonio Pereira, Manuel Rico
- **Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma:** Jesús Pérez-Roca Fernández
- **Desenvolvemento de Aplicacións Web:** Jesús Pérez-Roca Fernández

- **IMAXE E SON**

- **Animacións 3D, xogos e contornos interactivos:** Daniel Suárez García

- **SANITARIA**

- **Imaxen para o Diagnóstico e medicina nuclear:** Aída Pita Muiños e Ana López Rodríguez
- **Dietética:** M<sup>a</sup> Jesús Naya

- **ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS**

- **Enseñanza e Animación Sociodeportiva:** Sergio Fragueta Vale
- **Acondicionamento físico:** Jorge Castro Gacio

- **ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN**

- **Administración e Finanzas:** Lorena Rivas López-Carballo

- **COMERCIO E MARKETING**

- **Comercio Internacional:** Jaime Díaz Fernández
- **Loxística e Transporte:** Ángeles Broz Maneiro

- **SERVIZOS SOCIOCULTURALES E Á COMUNIDAD**

- **Educación Infantil:** David Míguez Gallego

### **Criterios de promoción**

Os alumnos que suspendan algunha materia terán exames en setembro para recuperala. Para os alumnos que promocionen con asignaturas pendentes, o Centro organiza clases de reforzo voluntarias e gratuítas. As devanditas clases serán os martes de 15:00 a 17:00 e os venres de 16:00 a 18:00. Farase uns controis periódicos a última semana de xaneiro e de abril, unha proba final a semana do 18 de maio para a ESO.

### **Finalización do curso:**

Educación Primaria, Educación Secundaria e demais niveis educativos finalizarán as clases de acordo coa normativa reguladora das actividades de fin de curso, o 20 de Xuño

### **Reunións por Departamentos:**

Realizarase polo menos unha reunión mensual na que se levantará acta dos asistentes e dos asuntos tratados. A final de curso, o Xefe de Departamento realizará unha memoria do seu funcionamento.

### **Información aos pais:**

Co fin de advertir aos pais dun posible baixo rendemento dos alumnos con tempo suficiente para que esta conducta poida ser corrixida, a finais de outubro enviarase polos titores un informe sobre a marcha de cada alumno. Para a elaboración do devandito informe realizaranse pequenas reunións dos profesores de cada grupo co titor.

No tocante aos alumnos de 2º de Bacharelato este informe enviaráselles a finais do mes de abril; nel recollerase a situación académica (avaliacións recuperadas e controis realizados durante a terceira avaliación) de cada alumno ata ese momento.

O Centro Liceo La Paz, no seu constante afán de innovación e mellora dos servizos prestados á comunidade escolar, dispón dun novidoso sistema de comunicación ás familias. Este sistema vén a complementar as tradicionais canles de comunicación utilizados ata agora, como as entrevistas persoais cos titores e profesores.

Consiste nun servizo, completamente voluntario, que se ofrece a través de web e app.

A información que se ofrece é moi ampla: ausencias, atrasos, incidencias de conduta do alumno no aula, incidencias de exames, tarefas e traballos asignados, se trouxo feitos os deberes ou non, o menú do comedor escolar e como comeu o alumno, circulares, comunicados, horarios de Secretaría, horarios de atención de titor e profesores, reunións de pais, etc...

O servizo está certificado ó máximo nivel na Lei de Protección de Datos, asegurando, que a información utilizada é totalmente confidencial. Por iso entregaráselles oportunamente as claves e instrucións necesarias para o acceso á información relativa a cada alumno.

Este é un sistema de información fluída, diaria e constante. Non pretende substituír o contacto persoal entre profesores e pais, senón que ambas partes compartan a mesma información, de tal xeito que, cando se produza o necesario contacto, a entrevista sexa máis frutífera e que se dedique verdadeiramente a solucionar o problema ou aumentar o rendemento do alumno.

### **Días non lectivos:**

Solicitarase á Delegación como días non lectivo 20 de marzo e 4 de maio de 2025

## ÓRGANOS DE GOBERNO

### OS DIRECTORES TITULARES

Os Titulares do Centro Liceo La Paz asumen a última responsabilidade do Centro, segundo as disposicións vixentes:

1. Crear, xestionar, ampliar, reducir ou suprimir o Centro.
2. Dereito a establecer un ideario educativo propio.
3. Velar polo cumprimento das disposicións do Proxecto Educativo, Estatutos, Normas de Convivencia e demais disposicións vixentes no Centro.
4. Asumir a responsabilidade do funcionamento do Centro.

### ÓRGANOS UNIPERSOAIS

Son Órganos Unipersoais: os Directores Xerais, o Director Técnico ou Pedagógico dos distintos niveis educativos, o Secretario, o Xefe de Estudos, o Administrador, os Coordinadores dos distintos Departamentos e Cursos, e aqueloutros que se poidan crear para a boa marcha do Centro.

### ÓRGANOS DE GOBERNO COLECTIVOS

Son Órganos Colexiados: o Consello de Dirección, o Consello Escolar nos niveis concertados, o Consello de Disciplina, e o Claustro de Profesores de cada nivel educativo

### ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

Son:


- Os Departamento Didácticos
- A Comisión pedagóxica
- O Círculo Deportivo, Cultural e Recreativo e de Actividades Complementarias e Extraescolares do Centro.
- O Departamento de Orientación.

As competencias e funcións dos Órganos Unipersoais e Colexiados serán establecidas polos Titulares do Centro, de acordo coas disposicións vixentes.

Todos os Órganos Unipersoais e Colexiados, no marco das súas respectivas competencias, teñen o deber de contribuír á mellor calidade educativa.

## ORGANIGRAMA DO CENTRO

# Organigrama del Centro



## ***FUNCIONAMENTO DOS DIVERSOS ÓRGANOS DO CENTRO***

### **O equipo directivo**

É o responsable máximo da organización e do bo funcionamento do Centro.

Ten as seguintes funcións:

- Dirixir e coordinar as actividades do Centro.
- Executar os acordos dos órganos colexiados.
- Convocar e presidir actos académicos e reunións dos órganos colexiados.
- Cumprir e facer cumprir as disposicións.
- Favorecer a convivencia e impoñer as correccións.
- Xestionar os medios humanos e materiais.
- Visar os certificados e documentos.

### **O Consello Escolar**

É o órgano a través do que participan no control e xestión do Centro dos distintos sectores que constitúen a comunidade educativa.

Haberá, ó longo do curso, reunións trimestrais e sempre que sexa necesario será convocado polo Presidente do Consello de reunións extraordinarias

### **O Claustro de Profesores**

É o órgano propio de participación do profesorado no goberno do Centro coa responsabilidade de planificar, coordinar, decidir e, se é o caso, informar sobre todos os aspectos educativos e docentes.

Son membros do Claustro a totalidade dos profesores do Centro.

Haberá ao longo do curso polo menos unha reunión trimestral, unha sesión ao comezo e outra ao final do curso.

Pode ser convocado polo Director a solicitude dun tercio dos seus membros. As reunións celebraranse fóra do horario lectivo, sendo a asistencia obrigatoria.

As decisións nas que se precise unha votación tomaranse por maioría simple dos presentes.

### **Os Departamentos Didácticos**

Son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver as ensinanzas das áreas, materias e outras actividades pedagóxicas.

As súas competencias son:

- Elaborar as programacións didácticas.
- Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- Colaborar co Departamento de Orientación.
- Promover a investigación educativa.

- Formular propostas para o PEC..
- Resolver as reclamacións.
- Elaborar a memoria final.

Reuniranse os compoñentes unha vez ao mes e sempre que sexa necesario.

### **Coordinadores de Curso**

A coordinación por ciclos xustifícase debido a que os obxectivos e niveis de cada curso teñen que encadearse en solución de continuidade cos do ciclo seguinte, sen que poidan producirse lagoas na formación dos nosos alumnos.

Este labor materialízase nas reunións de Coordinadores e de Xefes de Departamento.

Corresponde tamén ao Coordinador programar cos titores do mesmo as actividades educativas que se vaian desenvolver fóra da aula, así como as excursións que se realicen baixo a responsabilidade do Centro.

### **O Departamento de Orientación**

É o encargado de colaborar co profesorado na mellora da aprendizaxe dalgúns alumnos que poden ter algunha problemática tanto dende o punto de vista psicolóxico como social.

Encárgase de:

- Elaborar propostas de orientación e axuda á acción tutorial.
- Tratar de remediar os problemas educativos.
- Proporcionar ao alumno unha orientación académica.
- Participar no deseño e aplicación dos reforzos educativos e as adaptacións curriculares.
- Cooperar cos titores na información ás familias.

### **A Comisión Pedagóxica**

Está composta por:

- O Director Técnico.
- O Xefe de Estudos.
- Os Coordinadores de Departamento.
- Os Coordinadores.

As súas competencias son:

- Elevar ao Claustro propostas de criterio para a elaboración dos Pec.
- Asegurar a coherencia PEC.
- Establecer as directrices xerais para a elaboración de programacións didácticas, adaptacións curriculares e programas de diversificación.
- Propoñer os PCC ao Claustro para a súa aprobación .

Reúñese mensualmente, e realiza unha reunión extraordinaria ó comezo do curso e outra ó finalizar este.

### **Titores**

O titor é o encargado e responsable directo de cada grupo.

Coordina o profesorado de dito grupo téndoo informado das incidencias notables aínda entre avaliacións.

Leva directamente as faltas de asistencia, recibindo un parte diario que, ao final da xornada ou ao principio da seguinte, ten a obrigaón de presentarlle o delegado de curso. Mantén cos familiares dos alumnos un contacto regular, insistindo nel aínda que non lle sexa solicitado, para coñecer mellor o entorno do alumno, pedir a colaboración dos familiares ou prestala, segundo o caso, comunicar resultados académicos, faltas sen xustificar ou calquera outro tipo de incidencia tanto de carácter disciplinar como docente.

Dirixe e orienta as avaliacións do grupo recollendo a información que ha de trasladar ao propio alumno e aos seus familiares. Destas sesións de avaliación o titor levanta acta, a cal deberá conter os seguintes extremos:

- Lugar e hora da reunión.
- Profesores asistentes e ausentes.
- Observacións e acordos especiais.

O titor tamén preside as reunións con pais de alumnos do seu grupo; nas que infórmaos de niveis, obxectivos, dificultades e características especiais, probas de exame e sesións de avaliación.

Ten unhas horas de visita de pais prefixadas ao comezo do curso académico (inclúese un anexo co horario das visitas de profesores)

### **Delegados de aulas e cursos**

O nomeamento dos Delegados de curso será a pedra angular sobre a que se apoiará a participación dos alumnos na vida colexial, participación que se considera importante. O Delegado e Subdelegado serán elixidos democraticamente polos seus compañeiros.

Os Delegados de curso dos niveis correspondentes aos alumnos maiores reuniranse periodicamente co Cadro Directivo do Centro, para tratar as cuestións que se estimen de interese.

En cada aula haberá un Delegado e un Subdelegado. As súas funcións son:

- Representar formalmente aos seus compañeiros en cantas cuestións así se precisen.
- Velar pola orde e conservación do local, mobiliario e material da aula correspondente.
- Colaborar co persoal docente no mantemento da disciplina e outras tarefas semellantes de acordo coas normas da Dirección e Titor.

O Delegado é o representante da clase para todos os efectos na súa relación co Titor, Profesores e Xefatura de Estudos. No caso de que non cumprise correctamente as súas funcións, substituirao o Subdelegado.

## **ORGANIZACIÓN DE SERVICIOS**

### **Servizo Médico:**

O Centro dispón dun servizo médico a disposición dos alumnos/as e do persoal do Centro en horario de 9:00 a 18,00 h.de luns a venres

### **Servizo de Desayunos e madrugadores**

O Centro dispón dun servizo de estudo onde poden quedarse os nenos que por calquera circunstancia teñan que vir pronto ó Centro.

Este servizo está todos os días de 7:30 a 9:30.

### **Servizo de Transporte Escolar:**

O Centro dispón de transporte escolar, que funciona nos horarios de entrada e saída das actividades lectivas; é dicir, ás 8:15 - 9:30 -16:30 - 17:30.

Existen catro itinerarios, o número de alumnos que utiliza este servizo é maioritario nos cursos inferiores diminuindo de forma progresiva a medida que se chega aos cursos superiores.

Número aproximado de alumnos transportados: 150

### **Servizo de Comedor:**

Existe un servizo de comedor ao cal asisten alumnos de niveis concertados e non concertados, en varias quendas, segundo as idades

Número de alumnos no comedor : 1300

### **Servizo de Biblioteca:**

Proposta de actividades para levar a cabo no centro en relación á organización da biblioteca escolar e ao fomento da lectura:

- Intervencións en relación ao espazo físico da biblioteca escolar, equipamento, recursos, fondos...
  - Está previsto continuar co proceso de expurgo exhaustivo de material obsoleto, fóra de uso ou deteriorado comezado o curso anterior, coa finalidade de conseguir espazo libre nos andeis para colocar novos documentos máis axeitados e que estean mellor clasificados.

- Pretendemos conseguir que se dote o posto do bibliotecario cun ordenador portátil, e, de ser posible, cunha impresora-fotocopiadora.

- Actuacións para a organización, rexistro, catalogación e automatización dos fondos documentais existentes no centro. Programa informático empregado.

Temos a noso dispor o programa informático gratuíto BIBLIO (v.6.20) para a xestión de bibliotecas en centros educativos, listo para traballar con el, no momento en que sexa posible, na organización e rexistro automatizado dos fondos.

- Criterios e forma de realizar o préstamo.
- Os préstamos, polo momento, continuaranse a facer de xeito manual, por medio dunha ficha con datos que ten dúas partes, unha para o usuario e outra quedará arquivada na biblioteca como resgardo, para controlar que se fan as devolucións nas datas fixadas.
- Cada usuario pode levar en préstamo ata dous documentos por un período de ata 15 días (renovable).
- Non se prestan obras xerais de consulta e referencia (enciclopedias, dicionarios...)
- Para incentivar a utilización por parte do alumnado do servizo de préstamo, fixaremos dous carteis que chamen a atención, situados en lugares visibles, lembrando a posibilidade de levar materiais en préstamo e publicitando os criterios para os préstamos mencionados anteriormente.
- Orzamento anual específico para a biblioteca: Non existe como tal un orzamento anual para a biblioteca. A adquisición de fondos, cando se produce, realízase de dúas maneiras:
- O propio Centro faise cargo do pago dos materiais que se consideran necesarios cando se produce unha adquisición.
- Incorpóranse novos fondos procedentes de doazóns de exemplares aportados gratuitamente, tanto por persoas particulares co por medio de diferentes editoriais.
- Actividades relacionadas co fomento da lectura. Apoio ao Proxecto Lector de Centro
- A biblioteca escolar continuará contribuíndo ao fomento da lectura e apoiando o Proxecto Lector de Centro mediante o uso e o préstamo dos seus fondos ao alumnado, co cal pretendemos que lle permita a este mellorar a aprendizaxe de calquera área do currículo, facer mellor as súas tarefas escolares e aumentar o seu nivel de competencias lingüísticas. Tamén tratará a biblioteca de responder ás necesidades de lectura por pracer dos alumnos e alumnas.

- Por outra parte, a biblioteca escolar tamén colaborará na organización de actividades educativas alternativas para os alumnos que non cursan a materia de Relixión en diferentes niveis educativos, orientadas ao fomento da lectura e do estudo, facilitando que durante ese horario, cando o seu número o permita, asistan á biblioteca para ler, facer consultas ou traballos, etc.
- Actuacións, desde a biblioteca, destinadas á compensación das desigualdades socioculturais, ou atención á diversidade
